O ser de dous metros

Era un día normal, como outro calquera. Saía do traballo, de camiño á casa serían sobre as dúas da mañá. Ao dobrar a esquina, un arrepío percorreu o meu corpo, non lle dei importancia e seguín andando. Ao pouco, algo rozou a miña perna. Xireime rapidamente para ver que era, pero o único que encontrei foron unhas gotas de sangue no chan, dunha cor vermella viño, brillante, aquelas gotas conducían a unha canella. A curiosidade matábame, ao igual que o medo. Acerqueime lentamente, dando pasos silenciosos. Ao ver aquilo, estremecinme e enchinme de pánico. Saín correndo o máis rápido que puiden, coa imaxe daquela moza na miña mente, chea de sangue, esnaquizada..sen alma. De súpeto, tiven a sensación de que algo me seguía. Non sabía por que, pero tiña medo de xirarme. Cheguei cedo á casa e aínda coa sensación de que alguén me seguía, xireime, un corpo duns dous metros encontrábase fronte a min, sen ollos, cunha longa lingua, chea de picos que percorreu a miña cabeza. Non podía moverme, era como se me paralizase, estaba conxelada. Nun pequeno alarde de valentía, deille unha patada, podendo entrar na miña casa. O primeiro que fixen foi asegurarme de que, fose o que fose iso, non puidese entrar.

Como calquera neno pequeno faría nunha situación así, escondinme entre as sabas da miña cama e alí tranquiliceime ata que escoitei o característico rechío da porta da miña casa. Seguidamente, escoitei uns pasos lentos e pesados, sen presa, que chegaron á miña porta. Rozou as súas unllas na porta, facendo o ruído máis molesto que coñezo. En menos de dous segundos a miña porta caeu; esta vez, non era o ser de dous metros, agora era unha rapaza de pelo negro e mollado, cun camisón roto e cheo de sangue. Na súa man dereita levaba un coitelo, que incrustou na miña perna antes de que puidese correr. Un berro saíu de min, cheo de dor e terror. A rapaza levantou lentamente a cabeza; cando me mirou, foi como se me arrebatase a alma. Puxo a súa man no coitelo, sen apartar a mirada dos meus ollos. Sen piedade quitou o coitelo, chorreando sangue. Tres bágoas percorreron as miñas meixelas, desexando que iso acabarase. Supliqueille que me matase, pero non o fixo, era como se se alimentase do meu medo. A rapaza miroume unha última vez e berrou; ese berro fixo que os meus tímpanos romperanse, sen poder oír nada. Pechei os ollos. Cando os abrín, tiña diante a rapaza, ao seu lado o ser de dous metros, e o que parecía un gato inofensivo. A rapaza agarrou a man daquel ser de dous metros e desapareceron, deixándome soa con aquel gato, desangrándome. O gato empezou a retorcerse e nun pestanexo converteuse nun gran monstro, cuns caninos duns dez centímetros, unhas garras moi afiadas e unha boca e ollos moi grandes. Ocupaba todo o cuarto, deixando un oco para min, o gato acercou unha das súas garras á miña cara. ZAS! Cortoume. Así unha e outra vez, ata deixarme chea de chea de cortes de pés a cabeza, case morta. Pero non deixou aí a súa tortura. Chamou ao ser de dous metros, o que tanto esperara e ensinoume un peculiar colar. Estaba feito de dentes e unllas humanas. Un gran sorriso formouse na súa cara.

Lentamente, desfrutando cada instante, arrancaba un a un os meus dentes e unllas, matándome lentamente. Ao día seguinte encontraron o meu cadáver todo esmirrado, cheo de vísceras e substancias noxentas. O que non sabían cando me enterraron é, que aínda que me matasen, encargaríame de cobrar a miña vinganza...

Yanira Taboras Cabaleiro